

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A "FUNDACIÓN ANDREA" DE APOIO AOS NENOS CON ENFERMIDADES DE LONGA DURACIÓN, CRÓNICAS OU TERMINAIS.

REUNIDOS

Dunha parte, Don Julio García Comesaña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade co Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estruturas orgánica do Servizo Galego de Saúde; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; así como na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

E doutra Dona María del Rosario Barca Fernández, con DNI nº 33.2955.00X, na súa condición de Presidenta de la Fundación ANDREA (en adiante a Fundación), constituída mediante escritura pública outorgada o 13 de xuño de 2006 (subsanada o 11/12/06), clasificada como fundación de interese xeral de asistencia social por Orde ministerial do 16 de xaneiro de 2007, e inscrita no Rexistro de Fundacións co nº 15-0097, con domicilio na R/ Ferrol nº 2 (Santiago de Compostela) actuando en nome e representación da mesma.

Ambas partes, na representación que ostentan, recoñécense a capacidade necesaria para a subscrición do presente convenio e a tal efecto

EXPOÑEN

I.- A Fundación ANDREA de apoio aos nenos con enfermidades de longa duración, crónicas ou terminais, é una organización sen ánimo de lucro que ten como finalidade básica a atención e o apoio económico, moral, informativo ou de calquera outra natureza, ás familias que, contando con escasos recursos económicos, deban coidar aos seus fillos nas enfermidades de longa duración, crónicas ou terminais, que estes poidan padecer, facilitándolles solucións e axudas áxiles ante situacións de carencias inmediatas.

A finalidade constituínte expresada anteriormente perseguirase a través da realización, entre outras, das seguintes actividades:

- Sufragando os gastos que comporte o aloxamento hospitalario dos/as nenos/as enfermos/as.
- Facendo fronte aos gastos que se produzan polo seu tratamento médico no fogar familiar.

- Facilitando axudas económicas ás familias para que poidan atender debidamente a mantenza do neno/a enfermo/a e aportando a este os medios formativos aos que poida ter acceso.
- Poñendo ao alcance dos/as nenos/as enfermos/as cantas posibilidades de entretemento poidan axudarlles a sobrelevar a súa enfermidade con alegría.
- Realizando cantas actividades sexan útiles para levar esperanza e ilusión tanto aos/ás nenos/as enfermos/as como ás súas familias.

Ademais, e con carácter xeral, levando a cabo calquera clase de actuacións que sexan conducentes ao mellor logro dos fins fundacionais e á maior eficacia da acción da Fundación.

II.- O Servizo Galego de Saúde ten por obxectivos a prestación de servizos asistenciais, de investigación e de formación, sendo un dos principais procurar a mellora da calidade de vida dos pacientes e dos seus familiares, así como mellorar a experiencia destes no seu paso ou estancia nos centros sanitarios que conforman o Sistema Público de Saúde de Galicia.

A Estratexia de Humanización da Asistencia Sanitaria aplicada no Servizo Galego de Saúde sostense sobre decenas de proxectos, todos eles recoñecidos e moi ben valorados tanto polas asociacións de pacientes, como polas persoas usuarias a título particular que, ademais de obter uns claros obxectivos, perfectamente visibles no sistema sanitario, crearon entre profesionais unha cultura de achega e colaboración que non pode pasarse por alto.

Dentro da liña 4 da estratexia, son moitas as entidades que dentro dos seus programas de responsabilidade social corporativa teñen como obxectivo participar na mellora da saúde, mediante accións ou iniciativas encamiñadas a establecer un modelo de traballo colaborativo como xeito de obter mellores e maiores resultados, mantendo aos pacientes no centro da atención.

Entre estas iniciativas destaca a da Fundación Andrea, que tanto ten colaborado e axudado á mellora da calidade de vida de nenos/as con enfermidades graves, e aliviado a carga que a enfermidade supón para as súas familias.

Por resultar de interese para o Servizo Galego de Saúde o contido dos proxectos da Fundación ANDREA, ambas partes, de mutuo acordo formalizan o presente convenio de colaboración que someten ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: Obxecto.

Constitúe o obxecto do presente convenio regular a colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Andrea, coa finalidade de desenvolver actividades de



apoio e axuda aos nenos con enfermidades de longa duración, crónicas ou terminais, así como ás familias que, contando con escasos recursos económicos, deban coidar aos seus fillos en tales circunstancias, e así o soliciten, facilitándolles solucións e axudas áxiles ante situacións de carencias inmediatas.

A implementación das actividades realizarase nos centros sanitarios do Sistema Público de Saúde de Galicia, e non poderán interferir nin entrar en colisión coa actividade asistencial que o Servizo Galego de Saúde ten encomendada, nin cos protocolos sanitarios aplicables.

As partes deixan expresa constancia de que as actividades ou iniciativas promovidas pola Fundación ao abeiro do presente convenio consideraranse en todo caso como complementarias, e non substitutivas, das prestacións facilitadas polo Sistema Público de Saúde de Galicia.

SEGUNDA.- Actividades e iniciativas a desenvolver.

As actividades a desenvolver pola Fundación, son as integrantes dos proxectos, que, por áreas, se especifican de seguido:

1.- Proxectos de Axuda Familiar: Nesta área inclúense as seguintes actividades:

- Terapia familiar, psicoterapia individual e logopedia: A Fundación poderá facilitar e cubrir o custo de maneira adicional e complementaria ás facilitadas polo Servizo Galego de Saúde, a asistencia a sesións de terapia familiar e de apoio psicolóxico individual en distintos centros de psicoterapia privados, para nenos/as afectados/as por enfermidades de longa duración, crónicas e terminais e para os seus proxenitores, pretendendo proporcionarlles a través destas sesións uns recursos emocionais que lles permitan aguantar circunstancias desestabilizadoras dun modo máis positivo.

Do mesmo xeito, a Fundación poderá facilitar e sufragar tamén a asistencia a sesións de logopedia de reforzo para nenos/as con atraso severo da linguaxe, malformacións faciais, anomalías do aparato fonador, ou outros supostos, co obxectivo de contribuír a mellorar a súa evolución.

- Tratamentos de fisioterapia e hidroterapia: A Fundación poderá facilitar e sufragar a asistencia privada a sesións de fisioterapia e hidroterapia de reforzo, como apoio para a rehabilitación en casos de nenos/as afectados/as por atraso motor, parálise cerebral, enfermidades neurometabólicas, secuelas de tratamentos oncolóxicos, de accidentes ou aquelas outras patoloxías que o requiran.

- Equipamentos ortopédicos (Adecuación de vivendas ou vehículos para nenos/as con diversidade funcional): A Fundación poderá proporcionar equipamentos



ortopédicos a familias con nenos/as con necesidades especiais ou problemas de mobilidade, facilitando actuacións que melloren a adecuación dos accesos, ou a dotación de grúas, hamacas de baño, ramplas, órteses ou o equipamento necesario que favoreza a redución de barreiras no entorno familiar destes nenos/as con diversidade funcional.

- Becas de mantenza e medicación: A Fundación poderá proporcionar becas de mantenza a familias durante os ingresos hospitalarios dos seus fillos/as cando se encontren nunha situación de desprazamento noutra cidade lonxe do seu fogar. A Fundación poderá proporcionar, ademais, becas para facer fronte aos gastos de medicación ou de farmacia dos nenos/as, para todas aquelas familias cuxos limitados recursos económicos non lles permitan facer fronte a esas contías.

2.- Proxectos para Familias desprazadas: Nesta área inclúense as seguintes iniciativas:

- As Casiñas da Fundación: Acompañar a un fillo/a afectado por unha enfermidade grave que implique un longo período de hospitalización cando, ademais, non se dispón de domicilio nin apoio familiar na cidade na que o/a neno/a está ingresado/a, pode supoñer para os proxenitores un esforzo tanto vital coma económico moi complicado de asumir.

Como centro de referencia de enfermidades pediátricas, o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, pertencente ao Sistema Público de Saúde de Galicia, recibe a familias desprazadas desde outras provincias para ingresos que en moitas ocasións implican unha longa estancia hospitalaria.

As Casiñas ofreceranse aos proxenitores destes nenos/as desprazados a Santiago, como unha vivenda temporal da que disporán plenamente durante todo o tempo que dure a hospitalización dos seus fillos/as, garantindo o seu descanso, aseo e mantenza nun entorno acolledor o máis parecido posible a un fogar.

Situadas a uns 200 metros do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela e perfectamente equipadas, suman un total de 20 camas que estarán ao dispor dos proxenitores os 365 días do ano.

- Becas para familias desprazadas a outros hospitais: A Fundación poderá proporcionar tamén becas a familias cuxos fillos/as deban ser trasladados a outros hospitais de España, facilitándolles a cobertura económica suficiente noutras cidades durante a súa hospitalización. Con estas becas posibilitanse os desprazamentos, a mantenza, o aloxamento e todo aquilo que, como necesidade básica poidan requirir os proxenitores, ao atoparse lonxe do domicilio familiar.

3.- Proxectos Hospitalarios: Nesta área inclúense as seguintes iniciativas:



- Dulcificación de espazos pediátricos hospitalarios, centros de saúde, unidades de atención temperá e aulas hospitalarias: Co obxectivo de facer máis agradable e levadeira a estancia nestes centros para todos os/as nenos/as enfermos/as e as súas familias, a Fundación impulsará o seu proxecto de dulcificación de espazos de uso pediátrico hospitalario, renovando con diferentes dotacións, dependendo dos seus usos, mediante a redecoración de paredes e teitos con pintura, ou vinilados de corredores, habitacións, salas ou espazos comúns. Aportaranse, ademais, diferentes dotacións como mobiliario, material de entretemento, libros, xoguetes, equipos tecnolóxicos ou audiovisuais entre outros.

Contémplase a realización destas actuacións nas seguintes estancias: corredores e espazos comúns de plantas de pediatría, aulas, salas comúns de preescolares, UCIS de neonatos, salas de espera de UCIS de neonatos, salas de lactancia, despachos de información para familias, UCIS de pediatría, salas de espera, UCIS de pediatría, salas de espera de diferentes servizos pediátricos (medicina nuclear, raios, consultas externas, etc...), salas de espera de urxencias pediátricas, hospitais de día, salas de espera e consultas de atención temperá, espazos comúns de consultas externas de pediatría (salas de espera, corredores, hospitais de día), e en xeral calquera outro espazo de uso pediátrico.

A Fundación realizou, ademais, a doazón no ano 2019 do primeiro parque infantil que se instalou na planta de Pediatría dun hospital galego, aportando un novo grande espazo exterior de entretemento, para beneficiar o proceso de hospitalización dos/as menores ingresados/as.

- Programa de voluntariado:

A Fundación poderá aportar, mediante o seu equipo de voluntariado, diferentes actividades para favorecer o proceso de hospitalización dos/as nenos/as ingresados/as nos hospitais. No decurso de todo o ano organizaranse actividades lúdicas como actuacións de maxia, sesións de cine, tardes con música, visitas con personaxes famosas, deportistas, concertos, ou calquera outra actividade que contribúa ao entretemento de todos os/as nenos/as da planta de pediatría e das súas familias.

Esta colaboración centralízase prioritariamente no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, malia que queda aberta a posibilidade de ampliar estas actividades a outros hospitais galegos. Como achega adicional, a Fundación elaborou un proxecto de servizo de terapia canina, para apoio aos/as pacientes pediátricos/as ingresados/as no devandito centro hospitalario, que pretende implementar a curto prazo.

TERCEIRA: Beneficiarias.

Serán beneficiarias das actuacións e iniciativas enumeradas na cláusula precedente as familias con escasos recursos económicos ou persoais, con fillos/as que padezan



enfermidades de longa duración, crónicas, terminais ou altamente limitantes, sen realizar distinción algunha no tipo de enfermidade dos nenos/as.

CUARTA: Compromisos das partes.

1.- A Fundación sufragará directamente a realización de todas las actividades ou iniciativas conveniadas, sendo a súa vontade colaborar de maneira coordinada co Servizo Galego de Saúde para poder realizar estas actuacións, priorizando calquera aspecto que poida mellorar o benestar dos/as nenos/as afectados/as por enfermidades de longa duración, crónicas ou terminais.

Queda aberta a posibilidade de que a Fundación estude calquera outra iniciativa ou petición que puidera ser de interese implementar para o Servizo Galego de Saúde no ámbito pediátrico, podendo ser realizada o sufragada de maneira conxunta entre ambas partes, dependendo da envergadura ou das características do proxecto que se solicite. Este tipo de iniciativas instrumentaranse mediante a correspondente addenda, na que se concretará o seu contido, alcance, e obrigas de financiamento asumidas polas partes.

2. O Servizo Galego de Saúde asume os seguintes compromisos:

- Velar activamente pola cooperación entre aquelas unidades/equipos que traten a nenos/as afectados/as por enfermidades de longa duración, crónicas ou terminais, e a Fundación, facilitando a súa interacción coordinada.
- Promover a cooperación entre os servizos que teñen ao seu cargo o tratamento e atención sanitaria a nenos/as afectados/as por enfermidades de longa duración, crónicas ou terminais, e as iniciativas impulsadas pola Fundación.
- Difundir a colaboración da Fundación, dar a coñecer os seus recursos e visibilizar as actividades e iniciativas que se desenvolvan.
- Comunicar calquera incidencia ou problema que se detecte no desenvolvemento das actividades e iniciativas conveniadas.

QUINTA: Inexistencia de la relación laboral

A subscrición do presente convenio non comporta relación contractual algunha entre o Servizo Galego de Saúde e as persoas, profesionais ou voluntarias, que por conta da Fundación realicen as actividades previstas neste convenio, de tal xeito que non se lle poderá exixir ao Servizo Galego de Saúde ningunha responsabilidade, ni directa nin subsidiaria, por calquera incidencia acaecida no seu desenvolvemento.

En consecuencia, o Servizo Galego de Saúde adoptará as medidas necesarias para evitar unha eventual consolidación como persoal da Administración do persoal alleo que vaia a realizar as prestacións obxecto do presente convenio, con ocasión dunha contratación fraudulenta, de xeito que non asumirá ningunha consecuencia nin efecto, directo ou indirecto, das relacións laborais ou contractuais que poida



concertar a Fundación con su persoal, profesional ou voluntario, para o cumprimento do obxecto do presente convenio.

A Fundación garantirá que as persoas que integren o seu equipo de traballo teñan a formación, cualificación e dimensión axeitadas para a realización das actividades. O persoal colaborador, profesional ou voluntario, da Fundación que participe nas actividades, disporá dos seguros pertinentes de accidentes e responsabilidade civil.

As obrigas sociais e laborais respecto do persoal que aporte a Fundación, corresponderán única e exclusivamente a esta, sendo o Servizo Galego de Saúde alleo a ditas relacións contractuais.

SEXTA. Financiamento.

O presente convenio non implica compromiso de gasto para o Servizo Galego de Saúde e non precisa consignación orzamentaria.

SÉTIMA. Vixencia.

O presente Convenio, entrará en vigor no momento da súa firma e terá unha vixencia de catro anos, prorrogables salvo denuncia do mesmo por calquera das partes, efectuada por escrito, con antelación mínima de tres meses ao seu vencemento, sempre dentro dos límites temporais previstos no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Non obstante o anterior, calquera das partes poderá dar por finalizado o presente Convenio con anterioridade ao termo do mesmo, sempre que medie un preaviso de polo menos tres meses de antelación. Neste suposto de terminación anticipada, as partes deberán dar cumprimento ata a súa finalización aos proxectos en curso e a cantas obrigas fronte a terceiros adquirisen en relación ás actividades programadas.

OITAVA: Comisión de seguimento.

As partes designarán unha persoa coordinadora cada unha, para os efectos de constituír unha comisión de seguimento, que terá a seguinte composición:

- Unha persoa designada pola Xerencia do Servizo Galego de Saúde, que exercerá a presidencia da Comisión e decidirá os empates co seu voto de calidade.
- Unha persoa designada pola Fundación Andrea, que exercerá a secretaría da comisión.
- A persoa coordinadora designada polo Servizo Galego de Saúde.
- A persoa coordinadora designada pola Fundación Andrea.



A comisión de seguimento exercerá as seguintes funcións:

- a) Impulsar e debater as iniciativas a realizar no marco do presente convenio.
- b) Avaliar o grao de cumprimento e desenvolvemento do presente convenio e dos programas e iniciativas que se leven a cabo ao seu amparo.
- c) Tratar sobre a interpretación, modificación ou resolución do convenio.
- d) Suxerir a formalización de novos convenios, addendas ou liñas de colaboración dentro do ámbito do presente convenio.
- e) Avaliar a consecución dos obxectivos previstos, e o grao de eficacia dos programas e actividades, transcorrido o prazo inicial de vixencia, antes de valorar a súa prórroga.

As reunións da Comisión de Seguimento poderán ser convocadas e participará, con voz, pero sen voto, calquera persoa que se considere oportuno por ambas partes.

As reunións poderán celebrarse presencialmente ou mediante multiconferencia telefónica, videoconferencia ou calquera outro sistema análogo, de forma que un ou varios dos membros da Comisión asistan a dita reunión mediante o indicado sistema, sempre e cando se asegure a comunicación entre eles en tempo real e, por tanto, a unidade de acto.

Dicha comisión reunirse cunha periodicidade mínima anual e sempre que o inste calquera das partes asinantes.

NOVENA: Causas de resolución.

O presente convenio poderase resolver por calquera das causas que se recollen no artigo 51 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, incluído o incumprimento das obrigas das partes nes termos previstos neste instrumento.

Os efectos da resolución serán os previstos no artigo 52 da citada lei no que lle sexa aplicable.

O termo ou resolución do convenio porá fin a todos os deberes e dereitos que se tiveran xerado, agás a aqueles que, pola súa propia natureza, sobrevivan á mesma; de forma orientativa e no limitativa, a titularidade dos resultados e as obrigas percibidas con anterioridade a dito momento.

A resolución anticipada do convenio comportará a liquidación dos proxectos e iniciativas en curso nese momento, previo acordo da comisión de seguimento.

DÉCIMA. Confidencialidade e protección de datos persoais.

As informacións que as partes poidan terse revelado para a consecución ou realización das actividades e iniciativas previstas no presente convenio e referidas ás súas actividades, así como as que se revelen como consecuencia da súa execución, terán a consideración de confidenciais debendo as partes gardar segredo sobre toda a información á que poidan ter acceso, todo isto coa salvedade de que a información sexa de dominio público ou se coñecera legal ou lexitimamente pola outra.



O deber de confidencialidade permanecerá durante o prazo de vixencia dol convenio e subsistirá tras a súa extinción.

De conformidade co establecido na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, ademais do resto de lexislación vixente nesta materia, ambas partes se comprometen a gardar a máis estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal á que teñan acceso en virtude do presente convenio e ao deber de gardalos, sen que poidan utilizarse para usos diferentes aos previstos no mesmo.

As partes fan constar, de maneira expresa, que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso. Estas obrigas subsistirán mesmo despois de finalizar as relacións entre as partes.

DÉCIMO PRIMEIRA. Cuestións litixiosas.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo establecido nas súas estipulacións.

As partes asinantes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir en desenvolvemento do convenio. De non chegarse a un acordo, as cuestións obxecto de diverxencia trátaranse no seo da comisión de seguimento, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidera xurdir durante a execución do convenio, e non se resolvese a través da comisión de seguimento.

DÉCIMO SEGUNDA: Rexistro de Convenios, transparencia e bo goberno.

A sinatura deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración Pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e calquera outras especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bon goberno, e na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

En proba de conformidade, asinan o presente convenio na data indicada na sinatura electrónica.

Polo Servizo Galego de Saúde

Pola Fundación Andrea

Julio García Comesaña

María del Rosario Barca Fernández

